

CONTRATO ADMINISTRATIVO DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS

“AGADER 2024-2025.MELLORA E ENSACHE DOS CAMIÑOS DE 1.- OS FORNOS -PESEGUEIRO/ 2.- ESCOLA DE REMOURELLE”

En RIBADEO, a data da sinatura electrónica que figura a marxe

REUNIDOS

Dunha parte don **DANIEL VEGA PÉREZ**, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribadeo, CIF nº P-2705100-B no exercicio das facultades conferidas polo art. 61.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Da outra **Don IGNACIO MARTÍNEZ PÉREZ** con DNI/NIF XXX7985XX en representación da empresa **DESARROLLOS Y METAS,S.L.** CIF B-70427505, con domicilio na rúa General Zuvillaga nº 9, 1º puerta 6, Oviedo segundo documentación obrante no expediente

Ámbalas partes recoñécense competencia e capacidade legal para obrigarse no presente **CONTRATO**:

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

PRIMEIRO.-

O expediente de contratación das obras de “ **Mellora e ensanche dos camiños de 1.- Os Fornos –Pesegueiro, 2.- Escola de Remourelle**” formado por informes de Secretaría e Intervención, prego de cláusulas administrativas particulares, e proxecto técnico redactado polo Arquitecto Técnico Municipal, Luis Menendez Arbesú, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidentencia en data 06/05/2024.

SEGUNDO.-

A Alcaldía unha vez tramitado o mesmo por procedemento aberto simplificado, oferta mais vantaxosa, único criterio de adjudicación mediante resolución de data 4 de xullo de 2024 acorda adjudicar a referida obra á empresa **DESARROLLOS Y METAS, S.L.** que presentou a oferta mais vantaxosa segundo acta obrante no expediente de



data 07 de xuño de 2024.

TERCEIRO.-

Para responder das estipulacións deste contrato, a empresa contratista ten constituída **GARANTÍA DEFINITIVA** para o mediante aval **Aval nº 34.160 emitido por CAIXA RURAL DE ASTURIAS por importe de 3.341,94 €**, de data 14/06/2024.

CLÁUSULAS DO CONTRATO

PRIMEIRA.-

A empresa adxudicataria Desarrollos y metas, S.L.. comprométese a executar o contrato de **obras de “ AGADER 2024-2025. Mellora e ensanche dos camiño de 1.- Os Fornos-Peseguiero/2.- Esocla de Remourelle”** segundo proxecto redactado polo Arquitecto Técnico municipal Luis Menendez Arbesú e con estrita suxeición ao prego de condicións administrativas particulares, proxecto técnico e a oferta presentada pola mesma, e que motivou a adxudicación nos seguintes termos :

| EMPRESA | PREZO | IVE | TOTAL |
|--------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
| DESARROLLOS Y METAS,S.L. | 66.838,80 € | 14.036,15 € | 80.874,95 € |

Debe entenderse incluído todo imposto ou gasto que poida gravar a operación, os gastos de desprazamento e Beneficio Industrial do contratista.

SEGUNDA.-

O prazo de execución da obra será **2 MESES** que comezarán a contar dende a sinatura da Acta de comprobación do replanteo, que se formalizará no prazo máximo de 10 días desde a formalización do contrato.

Co fin de xustificar a achega concedida polo AGADER a 30 de setembro do ano en curso deberá estar executada a obra no importe da achega correspondente a anualidade 2024, co fin de proceder a xustificación da achega en prazo

TERCEIRA.-



De conformidade co previsto na cláusula 35º do Prego de cláusulas administrativas particulares, establécese un prazo de garantía de **UN ANO** a contar dende a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio o a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Si este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo a responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación das garantías, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes. No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para elo durante o que continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía

CUARTA.-

Forman parte integrante deste contrato o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron para a adxudicación do mesmo, e que acepta integra e expresamente o contratista, a oferta presentada polo mesmo e o proxecto técnico

QUINTA.-

De conformidade có previsto no Prego de cláusulas administrativas serán por conta do adxudicatario os gastos relativos á instalación do cartel identificativo da obra coas características que se establezan.

SEXTA.- D. Ignacio Martínez Pérez en representación de DESARROLLOS Y METAS, S.L., presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito



administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

SÉTIMA.-

SINATURA ELECTRÓNICA: A sinatura deste documento de formalización contractual efectúase a través de sinatura electrónica na plataforma “GESTIONA” dispoñible na sede electrónica do Concello de Ribadeo e en cumprimento da obriga legal de usar medios electrónicos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

(Documento asinado electronicamente polas partes intervenientes)



ANEXOS:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CARTEL DE OBRA

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HAN DE REXIR NO
CONTRATO DE OBRAS MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, ÚNICO
CRITERIO ADXUDICACIÓN**

**Expediente nº: 1905/2024
TRAMITACIÓN ORDINARIA ANTICIPADA**

TÍTULO DO CONTRATO:

**CONTRATO DE OBRAS: "MELLORA E ENSANCHE DOS CAMIÑOS DE: 1.- OS FORNOS-
PESEGUEIRO/2.- ESCOLA DE REMOURELLE"**



CADRO RESUMO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

| | | | |
|--|----------------------|--|-----------|
| A. PODER ADXUDICADOR | | | |
| ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: | CONCELLO DE RIBADEO | | |
| ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: | Alcaldía-Presidencia | | |
| Data Resolución do inicio do expediente de contratación: | | | |
| Perfil do contratante: | | | |
| https://ribadeo.sedelectronica.gal/info.0 | | | |
| Dirección do órgano de contratación: Praza de España,1 | | | |
| Correo electrónico do órgano de contratación: contratación@ribadeo.org | | | |
| B. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN | | | |
| Número de Expediente | 1905/2024 | Tipo de Contrato: | OBRAS |
| Tipo de Procedemento | ABERTO SIMPLIFICADO | Tramitación: | ORDINARIO |
| Forma de presentación de ofertas: | | | |
| <input type="checkbox"/> Manual <input checked="" type="checkbox"/> Electrónica <input type="checkbox"/> Manual y Electrónica | | | |
| Cabe recurso especial: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO | | | |
| Contrato suxeito a regulación harmonizada: <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO | | | |
| C. DEFINICIÓN DO OBXETO DO CONTRATO | | | |
| <p>Actualmente os camiños presentan unha serie de deficiencias na capa de rodadura e teñen pavimento con rega asfáltica. Os camiño teñen as seguintes características:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Camiño de Fornos a Pesegueiro (Remourelle), ten una lonxitude total de 730 mt. e un ancho de entre 3,20 e 3,50 mt. m. (Parroquia de Arante) 2. Camiño da Escola de Remourelle, ten una lonxitude total de 200 mt. e un ancho variable entre 3,00 e 4,00 mt. m. (Parroquia de Arante) <p>A actuación que se pretende realizar consiste en mellorar as características superficiais do pavimento existente mediante un firme de aglomerado en quente aumentando o ancho de calzada até os 4 mt. no caso do camiño de Fornos a Pesegueiro e de entre 3,50 e 5,00 no caso do camiño da escola; limpeza de cunetas en todos eles; limpeza das obras de fábrica existentes; novas obras de fábrica onde sexa necesario; e a sinalización horizontal e vertical. Con estas obras preténdese a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade aos núcleos de poboación, as parcelas agrícola e as explotacións gandeiras. Concretamente os dous camiños atópanse dentro da concentración parcelaria de Remourelle no polígono 1; da servizo a: 9 parcelas agrícolas a 3 explotacións gandeiras,e acceso ao núcleo de Fornos</p> | | | |
| Limitacións: <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO | | Número máximo de lotes por licitador: | |
| Oferta integradora: <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO | | Combinacións de lotes: | |

Cod. Validación: 3SE57MGJAJENSPD5CJALJE94PR
 Corrección: <https://ribadeo.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 48

Cod. Validación: 3M7XJZW5G7GTPJFZHXAEOC4EX
 Corrección: <https://ribadeo.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 54



Lotes:

Dada a tipoloxía das obra que se van contratar, a duración do contrato e a súa entidade económica, non se considera razoable a división en lotes.

| | | |
|--------------------------------------|-----------------------------------|--------------------------------------|
| Presuposto base IVA excluído: | Tipo de IVA aplicable: 21% | Presuposto base IVA incluído: |
| 68.359,04 € | 14.355,40 € | 82.714,43 € |

Sistema de determinación do prezo:

OFERTA ECONÓMICA: ATA 100 PUNTOS.

Outorgaranse 100 puntos á oferta economicamente mais baixa, ou sexa, a que faga a baixa maior sobre o prezo fixado na cláusula cuarta, e con CERO (0,00) a que non ofrezca baixa algunha sobre o tipo de licitación. O resto de ofertas valoraranse de xeito proporcional aplicando a fórmula seguinte:

$$\text{Puntuación oferta} = 100 \times \frac{\text{Orzamento de licitación - oferta a valorar}}{\text{Orzamento de licitación - oferta máis baixa}}$$

No tocante a xustificación da formula esixida hai que ter en conta que se establece como criterio de adjudicación unicamente o prezo, por unha mellor relación custo-eficacia, tendo en conta que no proxecto técnico xa se establecen os concretos materiais a utilizar, non considerando por tanto de aplicación criterios de calidade sobre os mesmos. A tenor do obxecto do presente contrato enténdese que non resulta posible a inclusión de criterios ambientais e sociais, por non contar con vinculación co mesmo.

En canto a cuestión relativa a cal debería ser a ponderación axeitada a atribuír ao factor prezo, xustifícase en que a formula elixida é a mais axeitada para non distorsionar ou cando menos minimizar a ponderación atribuída nos pregos ao factor prezo.

| | |
|------------------------------|--------------------|
| E. VALOR ESTIMADO | |
| | 68.359,04 € |
| TOTAL VALOR ESTIMADO: | 68.359,04 € |

| | | |
|-----------------------------------|--------------------|--------------|
| F. RÉGIMEN DE FINANCIACIÓN | | |
| Admón AGADER | Concello | Otros |
| 67.460,00 € | 15.254,43 € | 0 |

| | | | | |
|-----------------------|--------------------------|----------------------------|--------------------------|--------------------|
| G. ANUALIDADES | | | | |
| Exercicio | A cargo de Admón. | A cargo do Concello | A cargo de outros | TOTAL |
| 2024 | 67.460,00 € | 15.254,43 € | | 82.714,43 € |

| | | |
|------------------------------|--|-----------------------------------|
| H. PRAZO DE EXECUCIÓN | I. PRÓRROGA <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO | J. PRAZO DE GARANTÍA 1 ANO |
|------------------------------|--|-----------------------------------|

Cod. Validación: 3SES7MGJAJENS5CJALJE94PR
 Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 48

Cod. Validación: 3M7XJZW5G7GTPJFZHXAEOC4EX
 Corrección: https://ribadeo.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 54



| | | | |
|--|---|--------------------|-----------|
| 2 MESES | Duración máxima: | | |
| K. ADMISIBILIDAD DE VARIANTES | | | |
| <input type="checkbox"/> SI, <input checked="" type="checkbox"/> NO | | | |
| L. CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN | | | |
| <input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO | | | |
| M. REVISIÓN DE PREZOS | | | |
| <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO Fórmula: _____ | | | |
| N. GARANTÍAS | | | |
| PROVISIONAL: NO | ASCENDE A _____ % | | |
| DEFINITIVA : SI | ASCENDE AO 5 % DO ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN | | |
| COMPLEMENTARIA: Prevese ademais a constitución de garantías complementarias, por importe do 5% do prezo de adxudicación, nos casos indicados, chegando a un 10% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, neses casos. | ASCENDE A 5 % | | |
| Ñ. ADSCRIPCIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS | | | |
| <input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NO | | | |
| O. SUBROGACIÓN | | | |
| <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO | | | |
| P. SUBCONTRATACIÓN | | | |
| <input checked="" type="checkbox"/> SI, <input type="checkbox"/> NO LIMITE 60 % | | | |
| Q. MODIFICACIONES CONTRACTUAIS PREVISTAS | | | |
| <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO | | | |
| R. DATOS DE FACTURACIÓN | | | |
| Entidade contratante | Concello de Ribadeo | | |
| Órgano de contratación | Alcalde-Presidente | CÓDIGO DIR3 | L01270517 |
| Órgano con competencias en materia de contabilidade | Intervención | CÓDIGO DIR3 | L01270517 |
| Unidade de tramitación | Rexistro Facturas | CÓDIGO DIR3 | L01270517 |



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

Contrato de Obras:

“MELLORA E ENSANCHE DOS CAMIÑOS DE 1.- FORNOS-PESEGUEIRO/2 ESCOLA DE REMOURELLE”

Cláusula 1. Necesidades administrativas a satisfacer

É obxecto do contrato a execución das obras “ **Mellora e ensanche dos camiños de 1. Fornos -Pesegueiro/2 . Escola de Remourelle**” conforme o proxecto técnico redactado en data 04 de abril de 2024 polo Arquitecto técnico municipal, Luís Menendez Arbesú.

O proxecto, cos documentos que preceptivamente o integran, formará parte do contrato de adxudicación de obra, que no seu día se outorgue.

Actualmente os camiños presentan unha serie de deficiencias na capa de rodadura e teñen pavimento con rega asfáltica. Os camiño teñen as seguintes características:

1. Camiño de Fornos a Pesegueiro (Remourelle), ten una lonxitude total de 730 mt. e un ancho de entre 3,20 e 3,50 mt. m. (Parroquia de Arante)
2. Camiño da Escola de Remourelle, ten una lonxitude total de 200 mt. e un ancho variable entre 3,00 e 4,00 mt. m. (Parroquia de Arante)

A actuación que se pretende realizar consiste en mellorar as características superficiais do pavimento existente mediante un firme de aglomerado en quente aumentando o ancho de calzada até os 4 mt. no caso do camiño de Fornos a Pesegueiro e de entre 3,50 e 5,00 no caso do camiño da escola; limpeza de cunetas en todos eles; limpeza das obras de fábrica existentes; novas obras de fábrica onde sexa necesario; e a sinalización horizontal e vertical.

Con estas obras preténdese a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade aos núcleos de poboación, as parcelas agrícola e as explotacións gandeiras. Concretamente os dous camiños atópanse dentro da concentración parcelaria de Remourelle no polígono 1; da servizo a: 9 parcelas agrícolas a 3 explotacións gandeiras, e acceso ao núcleo de Fornos.

Dada a tipoloxía das obra que se van contratar, a duración do contrato e a súa entidade económica, non se considera razoable a división en lotes.

Todos os requisitos técnicos esixidos neste prego para cada lote serán de obrigado cumprimento polas ofertas.

Ademais deste prego, terán carácter contractual os seguintes documentos que forman parte do expediente:

- Proxecto técnico de data 04 de abril de 2024 asinados polo Arquitecto Técnico Municipal, Luís Menendez Arbesú.



-O documento no que se formalice o contrato e a oferta presentada pola adxudicataria do contrato.

O código que corresponde ó contrato dentro da nomenclatura do Vocabulario Común de Contratos CPV) é o seguinte:

CPV.-45233222-1- Traballos de pavimentación e asfaltado

Cláusula 2. Réxime xurídico

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP). As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no seu correspondente de prescricións técnicas particulares.

Ambos os pregos teñen carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato. Para o non previsto nos pregos, o contrato rexerese pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de Outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior.

A aplicación destas normas levarase a cabo en relación con todo o que non resultase afectado pola disposición derogatoria da LCSP. En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoña á LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 122.1 LCSP e no artigo 124 LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas particulares só poderán ser modificados con posterioridade á súa aprobación por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego levará a retroacción de actuacións.

Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as de dereito privado.

Cláusula 3. Órgano de contratación.

De conformidade co artigo 61 LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersonais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome.

A disposición adicional segunda da LCSP dispón que corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor



estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Para o presente contrato o Órgano de contratación **será o Alcalde.**

Cláusula 4. Responsable do contrato

Ao responsable do contrato correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a seu execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación atribúalle.

De conformidade co artigo 62.2 LCSP, nos contratos de obras as facultades do responsable do contrato serán exercidas pola dirección facultativa de acordo cos artigos 237 a 246 LCSP.

O órgano de contratación, a través da dirección facultativa, tamén efectuará a inspección, comprobación e vixilancia para a correcta realización da obra executada, axustándose ao disposto, do Prego Condicións Técnicas Xerais aplicable á redacción de proxectos e execución de Obras Municipais.

Sen prexuízo do disposto no artigo 214.2 d) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativa á función interventora será misión da dirección facultativa, a comprobación da realización das obras segundo o proxecto, así como as súas instrucións no curso da execución das mesmas.

O contratista gardará e fará gardar as consideracións debidas ao persoal da dirección facultativa, que terá libre acceso a todos os puntos de traballo e almacéns de materiais destinados ás obras para o seu previo recoñecemento.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

Así mesmo, a dirección facultativa, de conformidade co establecido no artigo 145 do RGLCAP, poderá ordenar a realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes sendo os gastos que se orixinen de contado contratista até un importe do 2% do prezo de execución da obra. De confirmarse a existencia de tales defectos, serán de conta do contratista os gastos derivados do recoñecemento e subsanación. En canto á demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas e os seus gastos, estarase a o disposto no Prego Condicións Técnicas Xerais aplicable á redacción de proxectos e execución das Obras Municipais, en canto non se opoña ao establecido na LCSP e no RGLCAP.

A dirección poderá ordenar, con carácter de urxencia, a execución dos traballos necesarios nos casos de perigo inminente. O contratista deberá executar tales traballos sen prexuízo de que a



dirección da obra promova con posterioridade a tramitación administrativa correspondente.

O procedemento a seguir nos casos de forza maior do artigo 239 LCSP, será o establecido no artigo 146 do RGLCAP.

A resolución de incidencias xurdidas na execución do contrato tramitarase, mediante expediente contradictorio, de acordo co establecido no artigo 97 do RGLCAP.

Durante a execución do contrato, o adxudicatario asumirá as súas responsabilidades inherentes á execución dos traballos e ao control e vixilancia de materiais e obras que execute conforme ás instrucións, de obrigado cumprimento, dadas pola dirección e inspección da obra.

Cláusula 5. Procedemento de adxudicación

A adxudicación do contrato efectuarase por procedemento aberto simplificado, con único criterio de adxudicación, primándose a oferta con maior relación calidade-prezo en aplicación do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Cláusula 6. Perfil do contratante.

A información relativa á adxudicación e formalización do presente contrato que, de acordo co disposto no presente prego, será publicada a través do perfil do contratante e da Plataforma de Contratos Públicos do Estado

<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/Dcq7DoAgDEDRT6qrJg7GyYnBQWWrFUkjFELq4Nluye5YGEFKiwR-UkGKq3w7kcWK4uu3JyGJNoQUVRBwtYsPfOhFR3UzxKbdhekkTzZ6a26SHHOPy|zhZx/>

Os interesados poderán consultar a documentación relativa ao procedemento de contratación no perfil do contratante, na Plataforma de Contratos Públicos do Estado ou directamente no Servizo de Contratación do Concello.

Departamento de contacto: Negociado.01
Teléfono: 982.128.650 Fax: 982.130.975
Enderezo electrónico: contratacion@ribadeo.org
Enderezo: R/ Praza de España, 1 27700 Ribadeo.

Cláusula 7. Financiamento do contrato.

O contrato financiarase mediante aportación municipal ademais da achega concedida polo AGADER.

Consta documento contable R.C. con cargo as partidas orzamentarias dos orzamentos vixentes para o exercicio orzamentario vixente.



| Aplicación orzamentaria | Importe | Tramitación |
|-------------------------|-------------|-------------|
| 454 / 63100 | 82.714,43 € | Anticipada |

Cláusula 8. Orzamento Base de Licitación.

O orzamento de execución por contrata que servirá de base de licitación ascende a un total de :

| EXECUCIÓN MATERIAL | GASTOS XERAIS(13%) BENEFICIO INDUSTRIAL(6%) | IVE | TOTAL |
|--------------------|--|-------------|-------------|
| 57.444,57 € | 10.914,47 € | 14.355,40 € | 82.714,43 € |

Este orzamentos teñen carácter limitativo, non podendo superarse en ningún caso.

A oferta fará referencia ó IVE e, de non constar, entenderase incluído no prezo proposto polo licitador.

A proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación serán descartadas automaticamente.

O orzamento de execución por contrata comprende os seguintes conceptos:

1. Gastos xerais da empresa, nos que se inclúe a porcentaxe do 13 % sobre o orzamento de execución material.
2. Beneficio industrial: aplicarase o 6 % sobre o orzamento de execución material.
3. IVE, que se aplicará sobre a suma do orzamento de execución material, do beneficio industrial e dos gastos xerais da empresa.

Dentro do citado importe inclúense, ademais, toda clase de impostos e licenzas, tanto municipais, provinciais e autonómicas coma estatais.

Cláusula 9. Valor estimado do contrato.

O valor estimado deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 LCSP, é dicir, tendo a duración total do contrato, **é de 68359,03 €.**

| EXECUCIÓN MATERIAL | GASTOS XERAIS(13%) BENEFICIO INDUSTRIAL(6%) | IVE | TOTAL |
|--------------------|--|-------------|-------------|
| 57.444,57 € | 10.914,47 € | 14.355,40 € | 82.714,43 € |



Cláusula 10. Pagamento do prezo de adxudicación.

O pagamento do prezo aboarase contra certificación de obra expedida mensualmente polo técnico director desta, dentro dos trinta días seguintes á data da súa aprobación polo órgano competente da Administración, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 LCSP.

Deberase expedir e entregar factura polas certificacións de obra ou os abonos a conta que se tramiten con anterioridade ó cumprimento total do contrato. Nestes casos, farase indicación expresa desta circunstancia nas facturas correspondentes. As facturas deberán conter os datos e requisitos establecidos no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. A falta de entrega da factura impedirá o pagamento e o inicio do cómputo do prazo para o xiro de intereses por demora.

As facturas de importe superior a 5.000,00 € deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Administración contratante.

O contratista tamén terá dereito á percepción de abonos a conta contra certificacións por realizacións de operacións preparatorias ou acopios de material ou maquinaria pesada adscritos á obra, segundo determina o art. 240.2 LCSP, nas condicións que se precisan no art. 155 do RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os seguintes aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira:

- a) Que o órgano de contratación é a Alcaldía-Presidencia.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención municipal.
- c) Que o destinatario é Concello de Ribadeo-Rexistro de Facturas

Téñase en conta que en cumprimento da obriga deste Concello de dispoñer dun Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas para permitir a presentación electrónica de todas as facturas e outros documentos emitidos polos provedores e contratistas, o Concello de Ribadeo adheriuse ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración do Estado, FACe, dispoñible na dirección URL <https://face.gob.es/es/>, cuxa recepción de facturas terá os mesmos efectos que os que se deriven da presentación das mesmas no rexistro administrativo.



Os códigos DIR3 do Concello de Ribadeo, de acordo coa súa estrutura organizativa

Código da oficina contable: L01270517 Intervención

Código do órgano xestor: L01270517 Alcaldía

Código da unidade de tramitación: L01270517 Rexistro Facturas (Intervención)

Cláusula 11. Prazo de execución do contrato

O prazo de execución do contrato será de **DOUS MESES**. O prazo indicado empezará a contar partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

Coa fin de xustificar a achega concedida polo AGADER a 30 de setembro do ano en curso deberá estar executada a obra no importe da achega correspondente a anualidade 2024, co fin de proceder a xustificación da achega en prazo.

CONDICION SUSPENSIVA :

As obras financiaranse a cargo da achega da AGADER de acordo coa seguinte desagregación:

| | |
|-----------------------|-------------|
| ORZAMENTO DO PROXECTO | 82.714,43 € |
| SOLICITUDE DE ACHEGA | 67.460 € |
| APORTACION MUNICIPAL | 15.254,43 € |

A día de hoxe non esta concedida a achega solicitada pero incíase a tramitación do expediente de licitación en base a Disposición adicional terceira. Normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais.

1. As administracións públicas locais aplicarán as normas contidas nesta lei, coas especialidades recollidas na disposición adicional anterior e nesta.
2. Poderán tramitarse previamente os contratos cuxa execución material deba iniciarse no exercicio seguinte ou aqueles cuxo financiamento dependa dun préstamo, crédito ou subvención solicitado doutro ente público ou privado, suxeitando a adxudicación á condición suspensiva da consolidación efectiva de os recursos que deben financiar o contrato correspondente.

Polo tanto establece a seguinte CONDICIÓN SUSPENSIVA:

A eficacia do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas do contrato, vinculado a concesión da achega por parte de AGADER .

Sendo a aportación municipal de 15.254,43 €, polo tanto a presente contratación incide na estabilidade orzamentaria nesa cuantía.



O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente, estándose ao disposto no artigo 96 do RGLCAP.

Cando a oferta que formule o adxudicatario inclúa unha redución do prazo de execución do contrato entenderase que a duración será a que conteña a oferta aprobada.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente, estándose ao disposto no artigo 96 do RGLCAP.

Cando a oferta que formule o adxudicatario inclúa unha redución do prazo de execución do contrato entenderase que a duración será a que conteña a oferta aprobada.

Cláusula 12. Ampliación do prazo de execución.

Neste contrato non se poderá conceder unha ampliación do prazo de execución.

Cláusula 13. Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas por demora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración, que poderá impoñerlle penalidades ou resolver o contrato nos termos establecidos neste prego.

Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución o contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

Estas penalidades serán deducidas das certificacións ou documentos de pago e, de ser estas insuficientes, da propia garantía definitiva.

A Administración terá a mesma facultade á que se refire o apartado anterior respecto ó incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste suposto, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesario para a terminación do contrato.

Cláusula 14. Revisión de prezos



Neste contrato non cabe a revisión de prezos

Cláusula 15. Penalidades polo incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso.

Para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais que se podan establecer neste prego de conformidade cos artigos 76.2 e 202.1 LCSP, prevense as seguintes penalidades:

Incumprimento das condicións especiais de execución :

Falta grave: Incumprimento dos pagos a provedores, así como dos deberes derivados das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de protección de emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

Penalidade : 30% da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato

Falta grave: Incumprimento do aviso previo e/ou non ter autorización por parte da Administración contratante para o cambio do equipo humano

Penalidade :30% da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.

Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incumprira parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades previstas, no seu caso, nas cláusulas particulares deste prego.

As penalidades polo incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10% do prezo do contrato, IVE excluído, ni o total delas superar o 50% do prezo do contra

As penalizacións que se impoñan ao adxudicatario son independentes da obrigaón do contratista de indemnizar polos danos e prexuízos que o seu incumprimento ocasione ao Concello ou a terceiros con dereito a repetir contra o Concello.

Cláusula 16. Procedemento para a imposición das penalidades.

As penalidades imporanse, previa audiencia do contratista ,por acordo do órgano de contratación, a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse dos mencionados pagamentos.



Cláusula 17. Capacidade para contratar.

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen incursas en ningunha prohibición de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP, acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional nas condicións mínimas e polos medios indicados no presente prego ou, nos casos nos que así o esixa a LCSP, se atopen debidamente clasificadas.

Cando, por así determinalo a normativa aplicable, se lle requirisen ao contratista determinados requisitos relativos á súa organización, destino dos seus beneficios, sistema de financiamento ou outros para poder participar no correspondente procedemento de adxudicación, estes deberán ser acreditados polo licitador.

Os contratistas deberán contar, asemade, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

De conformidade co artigo 66.1 LCSP, as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Non poderán contratar coa Administración as comunidades de bens, carentes de personalidade xurídica, nin as sociedades cuxos pactos se manteñan secretos entre os socios e nas que cada un destes contrate no seu propio nome con terceiros.

Serán nulos de pleno dereito os contratos nos que conorra a falta por parte do adxudicatario dalgunha das condicións de aptitude sinaladas nesta cláusula.

A capacidade para contratar acreditarase conforme o establecido no artigo 159.4 da LCSP, todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LCSP, o certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público eximirá aos licitadores inscritos con certificado en vigor da presentación nas convocatorias de contratación da documentación correspondente aos datos que figuren nel, concretamente, e salvo proba en contrario, das condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, así como concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

Non será preciso que os empresarios acheguen o certificado de inscrición, substituíndose a súa presentación polo acceso dos órganos e mesas de contratación ao mesmo por medios electrónicos.

Os órganos de contratación poderán en todo momento acceder ás certificacións do Rexistro relativas ás empresas licitadoras nos termos previstos no artigo 8 da Orde 1490/2010, do 28 de maio, pola que se regula o funcionamento do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.



Cláusula 18. Unións de empresarios.

Poderán contratar coa Administración as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor (art. 69.1 LCSP).

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa.

A efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias do que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato,

A duración as unións temporais de empresarios será coincidente, polo menos , coa do contrato ata a súa debida execución.

Neste senso, e de conformidade co artigo 24 do D 1098/2001, cada unha das empresas que compoñen a Unión deberá de acreditar a súa capacidade e solvencia conforme o sinalado na cláusula anterior, acumulándose as características de cada un dos integrantes a efectos de apreciar a solvencia da unión temporal.

No suposto de resultar adxudicataria a unión de empresarios, estes deberán formalizar a unión temporal en escritura pública e presentar o CIF dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cláusula 19. Solvencia.

De conformidade co artigo 74 LCSP, para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación.

A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse polos seguintes medios:

a) **Volume anual de negocios do licitador ou candidato**, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados



polo Rexistro Mercantil.

Nos contratos cuxo obxecto consista en servizos profesionais, en lugar do volume anual de negocio, a solvencia económica e financeira poderase acreditar mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato, así como achegar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscripción, en caso de resultar adxudicatario, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 151 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Nos contratos de obras, **a solvencia técnica do empresario** deberá ser acreditada polos medios seguintes

1-Certificados das obras executadas, de similar obxecto, no curso dos cinco derradeiros anos por importe acumulado superior a tres veces o valor estimado da obra ofertada, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e se precisará se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido) debe ser igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

Este aspecto poderá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a/ Obras no ámbito do sector público: Certificado de boa execución, expedido pola Entidade contratante, indicando importe, data e lugar de execución, sinalando se se levaron a bo termino.

b/ Obras noutro ámbito: Certificado do Técnico Director das obras, visado polo colexio profesional correspondente, co contido sinalado no apartado anterior.

2-Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, coa que se achegará a documentación acreditativa correspondente.

Nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 €, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo como tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a relación de obras substituirase pola Declaración de maquinaria, material e equipo técnico xunto coa documentación acreditativa correspondente.

Os licitadores poderán acreditar a súa solvencia baseándose na solvencia e medios doutras



entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e que a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar (art. 75 LCSP).

Estes criterios quedarán cumprimentados coa presentación do certificado de clasificación da empresa equivalente, sendo a clasificación esixida :

Categoría 2

- Grupo de clasificación: G viales e pistas , subgrupo 4 Con firmes bituminosos.

Cláusula 20. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Por tanto, os licitadores poderán acreditar os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional recolleitos na Cláusula 19 deste prego baseándose na solvencia e medios doutras entidades.

Cláusula 21. Concreción das condicións de solvencia.

Nos contratos de obras poderá esixirse ás persoas xurídicas que especifiquen os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación, de conformidade co artigo 76.1 LCSP.

Ademais, en virtude do apartado 2 do artigo 76 LCSP, os órganos de contratación poderán esixir aos licitadores que ademais de acreditar a súa solvencia comprométanse a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Estes compromisos teñen o carácter de obrigacións contractuais esenciais para os efectos previstos no artigo 211, ou establecer penalidades, conforme ao sinalado no artigo 192.2 para o caso de que se incumpran polo adxudicatario.

Nesta licitación non se esixe nomes e a cualificación do persoal responsable de executar o contrato, así como do compromiso de adscripción á execución do contrato de medios persoais e/ou materiais.

Cláusula 22. Garantía provisional

Non se esixe, de acordo co sinalado no artigo 106 da LCSP



Cláusula 23. Presentación de proposicións: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación

Informacións do servizo:

Publicarase anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ribadeo integrado na Plataforma de Contratos do Estado (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>). Tamén serán publicados os presentes pregos e o documento de aprobación do expediente.

Tamén estarán dispoñibles no Perfil do Contratante a información e as especificacións técnicas necesarias para a presentación das ofertas.

Xestión de preguntas e respostas dos licitadores:

De conformidade co establecido no art. 138 LCSP, as consultas ou solicitudes de información adicional que lles poidan xurdir aos licitadores sobre os pregos ou documentación complementaria deberán formularse na sede electrónica do Concello de Ribadeo (<http://ribadeo.sedelectronica.gal/info.0>), cunha antelación mínima de 6 días antes do transcurso do prazo de presentación de ofertas.

O órgano de contratación proporcionará ós interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 4 días antes de que remate o prazo de presentación de ofertas, e mediante a súa publicación no Perfil do Contratante, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten.

Lugar e prazo de presentación:

A presentación de proposicións e documentos para este procedemento realizarase exclusivamente a través da Plataforma de Contratos do Estado, sendo posible durante 24 horas do día.

O prazo de presentación de ofertas finalizará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo:

20 DÍAS NATURAIS a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio **na Plataforma de Contratos do Sector Publico (PLCSP)**

Se o último día coincidise en sábado, domingo ou festivo, o prazo prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

As proposicións constarán para tomar parte na licitación presentarase nun único sobre ou arquivo electrónico, asinado polo licitador, nos que se fará constar ademais da denominación da empresa licitadora e os eu correo electrónico, a lenda, <<Documentación administrativa, proposicións económica e documentación cuantificable de forma automática para a contratación das obras de < < >>.

Toda a documentación a presentar polos licitadores **será orixinal ou copias**



debidamente compulsadas

No interior de cada sobre, necesariamente , farase constar o seu contigo en folla independente a modo de índice, enunciándoo numericamente

SOBRE ÚNICO ____:

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

1.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR INDICATIVA DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN. Presentarase conforme ao modelo fixado no Anexo I dos presentes pregos ou Documento Europeo Único de Contratación (DEUC).

a) ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D _____, co DNI nº: _____ ; actuando en

nome propio ou en representación da entidade

con NIF _____ ; con enderezo _____ a efectos de notificacións en _____, DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación da obra “ _____ ” ante o Concello de Ribadeo.

SEGUNDO. Que cumpre con tódolos requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 140 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), para ser adxudicatario do contrato da obra “ _____ ”, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, a representación necesaria.
- Que posúe, ou a empresa á que representa posúe os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso, ou a empresa á que representa, non está incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (Só en caso de empresas estranxeiras).
- Que a dirección de correo electrónico para efectuar notificacións é _____



TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

CUARTO.- Que se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica:

Si
 Non

No seu caso, as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para admisión no procedemento de contratación son exactas e no experimentaron variación).

Rexistro Oficial de licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº _____)

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)

QUINTO.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación.

SEXTO.- Fai constar que na presente licitación :

Non concorre con empresas vinculadas
 Concorre coa/s seguintes empresas

Denominación:

Cif:

SÉTIMO.- Se os empresarios desexan concorrer en integrados nunha unión temporal

Si
 Non

OITAVO.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración

En _____, a _____ de _____ de 20 ____ . (Lugar, data, sinatura e selo do licitador).

PROPOSICIÓN ECONÓMICA.



Número de expediente: _____

Denominación da contratación: _____

Data da declaración: __ / __ / ____

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apellidos: _____ NIF: _____ Teléfono: _____
Fax: _____ Correo electrónico: _____

Enderezo para efectos de práctica de notificacións: _____

(no caso de actuar en representación:)

Entidade mercantil que representa: _____

NIF: _____

Cargo: _____

MANIFESTA

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións:

1. OFERTA ECONÓMICA (O importe debe expresarse claramente en números e letras):

-Importe _____ neto ofertado:

- Orzamento: _____ €.

- IVE (___%): _____ €.

-Total: _____ €.

.....,de.....de.....

(Sinatura e selo do licitador)

Cláusula 24. Notificacións electrónicas:



De conformidade co artigo 14.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a disposición adicional décimo quinta da LCSP, a tramitación do procedemento de adxudicación do contrato implicará a práctica das notificacións e comunicacións por medios exclusivamente electrónicos, ás que se accederá mediante comparecencia electrónica na sede electrónica do Concello de Ribadeo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderá utilizarse a comunicación oral para comunicacións distintas das relativas aos elementos esenciais do procedemento de contratación, sempre que o contido da comunicación oral estea suficientemente documentado. A este respecto, os elementos esenciais dun procedemento de contratación inclúen: os pregos da contratación, as solicitudes de participación e as ofertas. En particular, as comunicacións orais cos licitadores que poidan incidir substancialmente no contido e a avaliación das ofertas estarán documentadas de modo suficiente e a través dos medios adecuados, tales como os arquivos ou resumos escritos ou sonoros dos principais elementos da comunicación.

Para a práctica das notificacións/comunicacións derivadas do procedemento, entre a documentación a achegar que se relaciona nas cláusulas particulares deste prego, os licitadores deberán presentar unha Declaración Responsable (segundo o modelo anexo) na que indiquen a dirección de correo electrónico designada ao efecto. No caso de empregar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), esta dirección indicárase nun documento aparte.

Os prazos a contar desde a notificación computaranse desde o aviso de notificación, sempre que o acto obxecto de notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

A estes efectos, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Nembargante, entenderase rexeitada cando transcorreran dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido, agás que, de oficio ou a instancia da persoa destinataria, se poida comprobar a imposibilidade técnica ou material do acceso.

O Concello de Ribadeo tamén publicará os actos que procedan no seu Perfil do Contratante.

Cláusula 25. Efectos da presentación de propostas.

As proposicións dos interesados deberán axustarse os pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade as súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva ningunha, así como a autoridade Mesa e ó órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económico dun Estado membro da Unión Europea.

O licitadores non poderán retirar as súas proposicións ata que transcorra o prazo máximo establecido para a adxudicación do contrato sen que esta se houbera producido.

No caso de retirar indebidamente a súa proposición, o órgano de contratación poderá esixirlle o importe 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, así como



declarar a prohibición de contratar do licitador mediante a instrución do correspondente procedemento.

Cláusula 26. Documentos e datos dos licitadores de carácter confidencial.

As licitadoras presentarán, no seu caso, no sobre que corresponda segundo á documentación á que se refira, unha declaración complementaria, designando que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ó seu parecer, constitutivos de ser considerados confidencias, de conformidade co artigo 133 LCSP. Asemade, esta circunstancia deberá reflectirse clara (sobreimpresa, ao marxe ou de calquera outro xeito visible) nos propios documentos sinalada como tal.

De non achegarse esta declaración considerarase que ningún documento ou dato posúe o devandito carácter, sen perxuízo do establecido no artigo 155.3 LCSP.

Non serán admisibles as declaracións xenéricas ou que declaren que todos os documentos e información facilitada na proposta teñen carácter confidencial, nin se considerará de carácter confidencial aquela información que conste en documentos que sexan publicamente accesibles.

ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Cláusula 27. Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación estará integrada do modo seguinte:

- **Montserrat Seijo Diaz**, Concelleira Recursos humanos, Seguridade e atención cidadá que actuará como presidente da mesa.
- **José Antonio Carro Asorey**, vogal (Secretario da corporación)
Substituto: Funcionario/a que a substitúa no exercicio das súas funcións
- **María Cristina González Santín**, vogal (Interventora da corporación).
Substituto: Funcionario/a que a substitúa no exercicio das súas funcións
- **José Rodil Veiga**, vogal, Técnico de Administración Xeral do Concello
Substituto: Funcionario/a que a substitúa no exercicio das súas funcións
- **Francisco M. Moreda Gil**, vogal, Arquitecto Municipal
Substituto: Funcionario/a que a substitúa no exercicio das súas funcións
- **María Pérez Mon**, técnica de xestión, que actuará como secretaria da mesa
Substituto: Funcionario/a que a substitúa no exercicio das súas funcións

A mesa de contratación é o órgano de asistencia técnica especializada do órgano de contratación.

A mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, exercerá as seguintes funcións, entre outras que se lle atribúan na LCSP e no seu desenvolvemento regulamentario:

a) A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141 LCSP, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou



licitadores que non acrediten o devandito cumprimento, previo trámite de emenda.

b) A avaliación das proposicións dos licitadores.

c) No seu caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, a tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 LCSP.

d) A proposta ao órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 LCSP, e de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares.

A mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, polo menos, do seu Presidente, Secretario e da maioría absoluta dos seus membros, entre os que deberán encontrarse, necesariamente ente, os vocais en funcións de Secretaría e Intervención. No curso das súas funcións poderán pedir os informes e asesoramentos que estime convenientes.

Cláusula 28. Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa atendendo a relación calidade prezo atenderase aos seguintes criterios de adxudicación:

1) OFERTA ECONÓMICA: 100 PUNTOS.

Outorgaranse 100 puntos á oferta economicamente mais baixa, ou sexa, a que faga a baixa maior sobre o prezo fixado na cláusula cuarta, e con CERO (0,00) a que non ofrezca baixa algunha sobre o tipo de licitación. O resto de ofertas valoraranse de xeito proporcional aplicando a fórmula seguinte:

$$\text{Puntuación oferta} = 100 \times \frac{\text{Orzamento de licitación - oferta a valorar}}{\text{Orzamento de licitación - oferta máis baixa}}$$

No tocante a xustificación da fórmula esixida hai que ter en conta que se establece como criterio de adxudicación unicamente o prezo, por unha mellor relación custo-eficacia, tendo en conta que no proxecto técnico xa se establecen os concretos materiais a utilizar, non considerando por tanto de aplicación criterios de calidade sobre os mesmos. A tenor do obxecto do presente contrato enténdese que non resulta posible a inclusión de criterios ambientais e sociais, por non contar con vinculación co mesmo.

En canto a cuestión relativa a cal debería ser a ponderación axeitada a atribuír ao factor prezo, xustifícase en que a fórmula elixida é a máis axeitada para non distorsionar ou cando menos minimizar a ponderación atribuída nos pregos ao factor prezo.

Cláusula 29. Criterios de desempate.



Para o caso de que, despois da aplicación dos criterios de adxudicación, se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, establécense os seguintes criterios de adxudicación específicos para o desempate:

1. Proposicións presentadas por aquelas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teñan no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ó que lles impoña a normativa (2%). Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que houberen empatado en canto á proposición máis vantaxosa ditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ó que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que propoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal. Para ditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de xustificación á Seguridade Social dos traballadores discapacitados.

2. No caso de que varias empresas se encontren nas circunstancias expresadas no apartado anterior, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

3. De persistir o empate, este desfarase outorgándolle o contrato a aquel licitador que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade conforme co establecido no artigo 65 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, así como as disposicións legais equivalentes nacionais e comunitarias.

4. De continuar o empate, outorgarase o contrato ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade regulada no artigo 72 e seguintes do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, ou distintivo empresarial equivalente doutra CCAA ou Estado Membro.

5. Finalmente, se aínda persistise o empate, desfarase mediante sorteo

A documentación acreditativa dos criterios de desempate será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

Cláusula 30. Apertura e cualificación da documentación xeral.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación constituirase para o exame e cualificación da documentación, de acordo co Art. 159 apartado d) da LCSP e proceder a apertura pública do sobre.

A data, a hora e o lugar de celebración da mesa de apertura publicarase no perfil de contratante.

No acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Invitación aos asistentes para que comprobén, se o desexan, que os sobres que conteñen as proposicións se encontran na mesa e en idénticas condicións as que foron entregados.
- Apertura dos SOBRES dos licitadores.
- Lectura das ofertas.



- Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas. Tras o acto público, na mesma sesión, a mesa procederá a:

1.º Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas por orde decrecente segundo o criterio de adxudicación.

Respecto a declaración do responsábel o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Os operadores económicos poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento conforme a lexislación nacional, en caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información exixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se compren os criterios de selección, ou en caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativo.

2.º Realizarase a proposta de adxudicación o candidato que oferte un prezo máis baixo coas seguintes salvedades:

a) No caso de que a mesa, aprecie que a mesma, así como outras ofertas, atópanse en presunción de baixa anormal, seguirá o procedemento previsto en dita Cláusula, concordante co artigo 149 da LCSP seguinte o envío da notificación electrónica se xustifiquen as ofertas realizadas.

b) No suposto en que se produza igualdade nas proposicións máis baixas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación, a proposta de adxudicación realizarase a favor do licitador que acreditase algunha das circunstancias que, para o desempate, se sinalaron no presente prego.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse.

Cláusula 31. Apertura das proposicións e proposta de adxudicación.


O acto de apertura das proposicións será público. O día de apertura de proposicións fixarase no perfil de contratante o cunha antelación de, cando menos, 2 días ó da súa celebración.

O acto transcorrerá segundo o disposto no art. 83 do RD 1098/2001.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001 serán rexeitadas motivadamente.

A Mesa de Contratación clasificará as propostas por orde decrecente e formulará proposta de adxudicación ó órgano de contratación a favor do licitador que presentara a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa, como resultado de aplicar os criterios de selección establecidos nestes pregos.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de



acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

Cláusula 32. Ofertas temerarias.

No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149 LCSP, e concretados nas cláusulas particulares deste prego, a Mesa seguirá o procedemento previsto no citado artigo.

A cualificación como oferta temeraria ou baixa atenderá ao criterio de adxudicación da Oferta económica.

A tal efecto, requirirá ao licitador mediante comunicación electrónica para que, no prazo máximo de tres hábiles desde o envío da correspondente comunicación, xustifique a súa oferta, e precise as condicións desta, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Sobre a xustificación da empresa solicitarase informe técnico.

En vista do anterior, a Mesa de contratación proporá ó órgano de contratación a súa aceptación ou rexeitamento.

Este mesmo procedemento empregárase cando, a xuízo dos técnicos, os licitadores presenten solucións técnicas ou un prazo de execución de imposible cumprimento.

Se o órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, a excluírá da clasificación, e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150 LCSP.

En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

Para o cálculo da puntuación económica das ofertas, ós efectos da clasificación, non se terán en conta aquelas que, presentando valores anormais ou desproporcionados, se rexeiten por entender que non se poden cumprir á vista da xustificación presentada polos licitadores.

Este trámite debe desenvolverse antes de efectuar a valoración total, dado que as ofertas que sexan consideradas con valores anormais ou desproporcionados, logo do trámite de xustificación, exclúense do procedemento.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado en función dos parámetros establecidos no art. 85 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que son os seguintes, en función do número de empresas presentadas e admitidas ó procedemento:

- Unha oferta: será anormal se a súa baixa porcentual é superior ó 25% do prezo de



licitación

- Dúas ofertas: unha das ofertas será anormal se a súa baixa porcentual é superior á doutra en máis de 20 unidades porcentuais.
- Tres ofertas: serán anormais aquelas que teñan baixas porcentuais superiores en máis de 10 unidades á media aritmética das baixas porcentuais das empresas admitidas.

Non obstante, excluiráse para o cómputo da dita media a oferta coa baixa porcentual máis pequena cando sexa inferior en máis de 10 unidades a esa media. En calquera caso, consideraranse anormais todas as ofertas con baixas porcentuais superiores ó 25% do prezo de licitación.

- Catro ofertas ou máis: consideraranse temerarias aquelas ofertas con baixas porcentuais que sexan superiores en máis de 10 unidades á media das baixas porcentuais das ofertas admitidas. Non obstante, se entre elas existen baixas porcentuais inferiores en máis de 10 unidades a dita media, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor a (maior baixa porcentual).

Os criterios obxectivos a empregar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta, en función da documentación que presente a empresa no trámite de xustificación da súa oferta identificada como desproporcionada ou anormalmente baixa ou ben xa presentada polos licitadores e incorporada ao expediente, serán os seguintes:

a) Idónea xustificación dos prezos ofertados, que comprenderá, polo menos, unha explicación detallada e pormenorizada dos mesmos en relación ás obras que constitúen o obxecto da contratación. Para o efecto deberá presentar:

a. Materiais:

- i. Compra: carta de compromiso dos provedores, prezos detallados.
- ii. Medios propios e/ou materiais de produción propia: relación detallada con indicación do custo individualizado ou prezo de venda ao público

b. Maquinaria:

- i. Aluguer: relación de maquinaria con incitación detallada dos prezos.
- ii. Medios propios: relación detallada

c. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

b) Medios persoais e materiais de que dispoña a empresa, ademais dos adscritos ao contrato, en relación co volume das obras contratadas e cuxa execución resulte coetánea ao obxecto do contrato.

c) Estrutura organizativa da empresa, sistemas e técnicas de traballo implantados, protocolos operativos que permitan conseguir o resultado perseguido (prestacións contractuais dentro do prazo establecido) ao prezo ofertado.

d) Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

e) Entenderase que existen valores anormais ou desproporcionados na oferta, debendo



rexeitarse, nos casos en que na valoración da xustificación da baixa compróbese que o prezo anormalmente baixo ou desproporcionado resulta do incumprimento da lexislación laboral da Unión Europea en Materia social, laboral ou medio ambiental, de disposicións do dereito laboral internacional ou do dereito nacional nestas materias, tendo en conta o establecido no artigo 69.3 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento e do Consello de 26/02/2014, en relación co artigo 18.2 da @dicha Directiva.

f) Ademais, a mesa pedirá aos licitadores, xustificación dos valores precisados no artigo 149.4 LCSP, (letras a – e, todas incluídas).

En todo caso, o órgano de contratación, previo informe dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.

Cláusula 33. Renuncia e Desistimento.

No caso en que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación ou decida non a adxudicar ou celebrar o contrato, de conformidade co artigo 152 LCSP, notificarao aos candidatos ou licitadores, informando tamén á Comisión Europea desta decisión cando o contrato fose anunciado no «Diario Oficial da Unión Europea».

A decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou o desistimento do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato **por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.**

O desestimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das norma preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. O desistimento non impedirá a iniciación inmediatamente un novo procedemento de licitación.

No caso de desistimientto por parte da Administración, non esta previsto indemnización algunha aos licitadores.

Cláusula 34. Requerimento de documentación.

No mesmo acto, a mesa de contratación requirirá, mediante comunicación electrónica, ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data do envío da comunicación, constitúa a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

No supostos de que o empresario teñan que presentar calquera outra documentación que non estea inscrita no Rexistro de Licitadores, a mesma terase que aportar no prazo de 7 días hábiles,



establecido para presenta-la garantía definitiva.

Por tanto, en aplicación ao disposto na Disposición Transitoria terceira de la LCSP, ou cando algún dos datos ou documentos non constaran inscrito no Referido Rexistro, a mesa de contratación deberá requirir ao empresario que presentara a mellor oferta, así como a todas as empresas integrantes da UTE que fose proposta como adjudicataria para que no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación presenten, no seu caso, a seguinte documentación:

A) Capacidade de Obrar.

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional

14 TRLCSP).



A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante.

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil.

C) Poderes:

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Acreditación das solvencias económica e financeira, técnica e profesional do presente prego de cláusulas, ou no seu caso da clasificacións substitutiva

E) Documentación xustificativa de acharse ao corrente non cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co previsto nos artigos 13 ao 15 do R. D. 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

F) Xustificante de haber constituído a garantía definitiva por un importe equivalente ao 5 por 100 da oferta do adxudicatario, excluído o IVE.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada



garantía definitiva.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 35. Garantía definitiva.

O licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa, deberá constituír unha garantía dun 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE, na Caixa Xeral da Corporación. Poderá constituírse en calquera das formas previstas no art. 108 LCSP, e segundo os arts 55 e seguintes do RD 1098/2001.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na línea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía definitiva as penalidades ou indemnizacións esixible ao contratista, este deberá repor ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días naturais desde a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

Como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación no seu prezo, deba axustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación .

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:



- a) Da obrigación de formalizar o contrato en prazo, de conformidade co disposto no artigo 153 LCSP.
- B) Das penalidades impostas ó contratista conforme ao artigo 192 LCSP
- C) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, incluídas as melloras que ofertadas polo contratista fosen aceptadas polo órgano de contratación, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e perdas ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- d) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato.
- e) Da inexistencia de vicios ou defectos dos ou defectos dos servizos prestados durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Devolución ou cancelación da garantía: A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza vencemento do prazo de garantía e cumprira satisfactoriamente o contrato, ou ata que se declare a resolución de este sen culpa do contratista.

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades se devolverá a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución. O acordo de devolución adoptarase e notificarase ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía.

Nos casos de cesión de contratos non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario.

Transcorridos seis meses desde a data de terminación do contrato, e vencido o prazo de garantía, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 110 LCSP.

Garantía complementaria:

Naqueles casos en que a proposta da mesa de contratación sexa en favor do licitador que a oferta presentada estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co artigo 107.2 da LCSP, que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, preste unha complementaria dun 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto, neste casos, o importe da garantía o 10% sobre do importe do prezo final do contrato excluído o IVE.

Non procederá á devolución da garantía/s se non se cumpren, a satisfacción da administración, todas as obrigas do contratista, incluído a constitución e pago da póliza de seguro “todo risco construción” establecida como condición esencial.

Cláusula 36. Adxudicación do contrato.

Presentada a garantía definitiva e demais documentación xustificativa, nun prazo non superior a 5 días, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva e, no seu caso demais documentación xustificativa prevista na



cláusula décimosexta, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Cláusula 37. Outras obrigas do adxudicatario. Formalización do contrato.

Para o caso de que o contrato fora adxudicado a unha Agrupación de Empresas deberán estar acreditada a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do Contrato, e NIF asignado á Agrupación.

